



COMUNICADO DE AMPLIACIÓN DAS DATAS DA CONSULTA CIDADÁ POLA EDUCACIÓN

A Plataforma en Defensa do Ensino Público, promotora da Consulta Cidadá pola Educación, decidiu comunicar unha ampliación de dúas semanas, ata o día 27 de outubro, ao calendario inicialmente previsto para a realización desta consulta.

A magnífica resposta dos cidadáns á devandita consulta, acudindo de xeito constante as mesas que se instalan en todas as comarcas, levaron a que moitos responsables das mesas solicitasen unha ampliación do calendario inicialmente acordado. A isto súmase a necesidade de contar con máis prazo para a realización da consulta e así foi comunicado a través das organizacións que compoñen a Plataforma.

Tampouco deben esquecerse as actuacións de responsables municipais para intentar boicotear a consulta, aínda que non están tendo éxito e a consulta segue o seu curso e esténdese en todas as comarcas.

Lembramos que se poderá seguir participando nesta consulta nas mesas que se situaran nas distintas comarcas, e na páxina web <http://www.consultaciudadanaporlaeducacion.org>

Grazas a todos e todas polo extraordinario compromiso coa defensa dos dereitos que desde o Goberno central, e moitos autonómicos, quérennos arrebatarnos, que se visibiliza unha vez máis, agora co magnífico apoio dado á Consulta Cidadá pola Educación.

Apoio que, desde esta Plataforma, agardamos continue medrando e se manifeste de xeito irrefutable na convocatoria de Folga Xeral no Ensino prevista para o 24 de Outubro, que ten que servir para amosar o rexeitamento da sociedade e da comunidade educativa á LOMCE e ás políticas regresivas do goberno central e autonómico que pretenden implantar un modelo educativo segregador, sexista e de elite.

9 de Outubro de 2013

